

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

1328, maio, 23
foro

170

Xoán Rodríguez, chantre, tenente da capela que ordenou o cóengo Pedro Bochechas, afóralles a perpetuidade aos carniceiros Xoán Mourín e a Xoán Domínguez de Caldelas, e ás súas respectivas mulleres, Maior Pérez e Tareixa Fernández, a cada un na súa metade, un terreo e viña en Pena Redonda por quinta.

ACOu, Escrituras VI, 12; Escrituras XIV, 124

Sabeam *quantos* esta carta viren *que* eu Johan Rodriguez chantre d'Ourense e teendor da capella *que* ordenou dom Pero Bochechas coengo *que* foy d'Ourense, com outorgamento do deam e do cabidoo dessa igleia e *por* seu mandado, aforo a vos Johan Mourim carnicero e a vossa moller Moor Peres ena huna meatade et a vos Johan Domingues de Caldelas carnicero d'Ourense e a vossa moller Tereyia Fernandez ena outra meatade e a todas vossas vozes *para* senpre, huna leyra de terreno e de viña *que* a dita capella ha eno lugar a *que* chaman Pena Redonda, a *qual* iaz ontre a viña de Maria Fernandez a cordoeira da huna parte e da outra a viña de Gonçalvo Furom e en fondo fere na viña de vos o dito Johan Mourim e ena de Maria Fernandez sobre dita e ençima entesta nas viñas *que* forom de Monio Copelo e de Lourenço Perez dos Brancos. Aforovos a dita viña e terreno *por* tal condiçom *que* a lavredes e paredes ben e ha chantedes de viña hu for *para* cantar, em maneira *que* *ue* non defalesca *por* mingoa de lavor e de boon paramento e a esterquedes, et dedes ende cada anno ao *que* *tever* a dita capella a quinta parte *daquel* froyto *que* y deus der en salvo no dito terreno e viña. Et non devedes coller os froytos da dita viña sem mandado do *que* *tever* a dita capella e sem seu ome, ao *qual* devedes proveer de comer e de beber em *quanto* estiver *convosco* a coller o viño da dita viña. Et se *quiserdes* vender ou deitar ou enpeñorar a dita viña e terreno no dito tempo ou cada huna de vossas vozes, *que* a vendades ou deitedes ou enpenoredes ante ao *que* *tever* a dita capella ca a outro pollo justo *preço*. Et se a el assy nom *quiser* receber *que* frontedes *con* ela ho cabidoo d'Ourense. Et se a el non *quiser* receber assy pollo justo *preço* enton a vendede ou deidade ou enpeñorade a atal ome *que* seia semellavil de vos e *que* cunpla e pague o dito foro cada anno en paz e en salvo *commo* dito he. Et se recreçer contenda *entre* vos ou cada huna de vossas vozes e o *que* *tever* a dita capella sobrela dita viña ou sobre alguna cousa delo *que* se termine *por* dous omes boons do dito cabidoo tomados sem sospeita a *prazer* das partes sem outra apellaçom. Et os ditos Johan Dominguez e Johan Mourim obligaron todos seus beens gaañados e *por* gaañar *para* lavrar e pagar e *conprir* *commo* dito he. Et o dito chantre obrigou todolos beens da dita capella *para* anparar os ditos Johan Domingues e Johan Mourim e todas sas vozes a *dereito* com a dita viña e terreno. Et desto as ditas partes pidirom a min Afonso Viviaz chanceler senllas cartas *partidas* *por* .a.b.c. Feita a carta em Ourense, xxiii dias de mayo, era de mill e trezentos et seseenta e seys annos. *Tests. que* a esto presentes foron Domingo Eanes, Pero Martines clerigos do coro, Johan Fernandez, Pero Eanes omes do dito chanceler e Lourenço scriván ome de Afonso Viviaz. Et eu Affonso Viviaz coengo d'Ourense e chanceler dessa cidade *que* a estas cousas presente foy e en mia presenza as fige *escribir* e este meu sinal y puge en testemunyo de verdade.

(sinal)